

## BASES E NORMAS DE PARTICIPACIÓN NO ESPAZO EFÉMERO CELANOVA 2, 3 e 4 de abril de 2026

Espazos Efémeros é un proxecto de cooperación transnacional que busca dar nova vida ao rural a través do comercio, a cultura e o emprendemento. Durante 18 meses, Galicia, Asturias e Portugal unen esforzos para crear unha rede de tendas temporais sostíbles que funcionan como espazos de encontro, visibilidade e dinamización.

### QUE É ESTE EVENTO ESPAZOS EFÉMEROS?

Esta iniciativa, organizada pola entidade de desenvolvemento rural **Limia-Arnoia (GDR10)** en colaboración co **Concello de Celanova**, ten como obxectivo fortalecer o tecido comercial e produtivo a través dunha abordaxe innovadora baseada nos produtos locais, o emprendemento local e a activación temporal de espazos. O obxectivo é ofrecer novas oportunidades de comercialización, visibilidade e conexión social para iniciativas emerxentes ou existentes.

Este espazo efémero será unha oportunidade para experimentar novas formas de comercio, para que os emprendedores poidan testar os seus produtos e para que a veciñanza e visitantes descubran a riqueza do territorio.

Para iso, pretendemos contar coa participación activa dos actores do territorio: empresas, negocios, artistas, artesáns, emprendedores, etc., para que, durante a celebración do Espazo Efémero, poidan presentar as súas actividades, vender, ofrecer degustacións, demostracións, etc.

O Espazo Temporal de Celanova terá lugar entre os días **2 e 4 de abril de 2026**. Os horarios serán os seguintes:

- **Día 2:** inauguración do espazo ás **12:00 horas e peche ás 21:00 horas**
- **Día 3:** apertura do espazo de **10:00 horas a 14:00 horas e de 16:00 horas a 21:00 horas**
- **Día 4:** apertura do espazo ás **10:00 horas a 14:00 horas e de 16:00 horas ata clausura do espazo que está previsto para as 21:00 horas.**

O evento contará con dous espazos:

- No andar inferior, haberá unha mostra e venda de produtos e servizos innovadores (tecnoloxía, artesanía, etc.).
- No andar superior, emprazarase a área gastronómica, onde se poderán degustar e mercar os produtos expostos e será un ambiente de lecer e esparexemento.

O Espazo Efémero estará localizado no Mercado de Abastos de Celanova, sito na Praza de Cervantes.

## **BASES E NORMAS DE PARTICIPACIÓN NOS ESPAZOS EFÉMEROS**

Para participar cun posto no Espazo Efémoro de Celanova será necesario presentar unha solicitude (unha por posto). As solicitudes serán valoradas e, no seu caso, aceptadas, sempre que se cumpran unha serie de requisitos e criterios que se establecen neste documento.

Enténdese por posto un espazo para a demostración/venda de produtos/servizos ou a realización dalgún tipo de actividade.

A organización porá a disposición das persoas participantes un espazo físico (mesa, expositor ou similar) para a colocación dos materiais que consideren necesarios.

O número máximo de postos admitidos será de 10 para proxectos innovadores (técnico, cerámica, xiería, tecnolóxico, desenvolvemento rural, etc.) e 7 para a área de gastronomía (zona de degustación).

### **1. RECEPCIÓN E ACEPTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes para participar no Espazo Efémoro de Celanova deberán presentarse **vía correo electrónico** ([tecnico@limia-arnoia.gal](mailto:tecnico@limia-arnoia.gal)). A solicitude constará de dous formularios:

- Un formulario / memoria da actividade que pretende desenvolver e aceptación das bases desta convocatoria.
- Unha declaración responsable.

Os modelos serán facilitados pola organización no apartado da web <https://limia-arnoia.gal/novas/>, e deberán estar debidamente cumprimentados e asinados pola persoa responsable do posto.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación destas bases.

**ACEPTACIÓN E PUBLICACIÓN DE ACEPTACIÓN:** Nos 10 días naturais posteriores ao peche da presentación das solicitudes.

### **2. DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTAR UNHA VEZ SELECCIONADO PARA PARTICIPAR NO ESPAZO EFÉMORO:**

- Carta de produtos e prezos, no caso de venda de produtos/servizos.
- Fotografías dos produtos/servizos.
- Copia do DNI da persoa representante.
- No caso dos postos de venda e demostración de produtos de alimentación é necesario presentar unha copia dos certificados de manipulación de alimentos

de todas as persoas que van a atender o posto e do rexistro sanitario dos produtos.

- No caso de que se dispoña, copia da carta de artesá ou artesán.
- Xustificante bancario demostrando ter ingresado a garantía de participación no Espazo Efémoro, seguindo as instrucións que a organización facilitará ás persoas seleccionadas.

### 3. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A elección da persoas participantes no evento será realizada por persoal técnico do GDR10, que actuará con criterio propio. Unha vez recibidas as solicitudes, realizarase a selección tendo en conta puntos de escolla específicos que se recollen a continuación, sen que exista unha baremación concreta dos mesmos:

- Cumprir cos requisitos legais establecidos nas bases. Este criterio é determinante á hora de formar parte no proceso de selección. As solicitudes que non cumpran cos requisitos mínimos legais non serán valoradas.
- Calidade e presentación do produto/servizo. Por exemplo, produtos realizados en materiais nobres, imaxe atractiva, coidado dos detalles, claridade na definición.
- Idoneidade respecto ao espazo e actividades dos Espazo Efémoro. Deben ser produtos/servizos acordes co espazo ou o tipo de actividades a realizar. Terán máis puntuación un produto local que un produto de fora do territorio.
- Autenticidade e orixinalidade, en canto ao tipo de produtos/servizos. Concederáselles preferencia a aquelas iniciativas con identidade propia, cunha traxectoria relacionada co entorno, cultura, realidade local, pero cun carácter auténtico e orixinal.
- Sostibilidade. Priorizándose aquelas iniciativas / produtos nos que, por exemplo, non se utilicen plásticos ou outros materiais pouco sostibles.
- A selección dos postos da área gastronómica de degustación realizarase atendendo, adicionalmente, a:
  - Variedade na gama de produtos ofertados no Espazo Efémoro. Non se solaparán produtos en diferentes espazos expositivos; é dicir, cada un terá unha especialidade (viño, cervexa, embutidos, pan, queixo, etc.).
  - Cada entidade expositora disporá dun espazo combinado destinado á venda e á degustación, no que se poderá consumir o produto.
  - Todos os produtos desta área serán da provincia de Ourense, atendendo á mínima distancia ao evento.

O persoal técnico do GDR ostenta plena capacidade de resolución neste proceso, polo que fronte á decisión adoptada non caberá reclamación ningunha.

## 4. REGRAS DE AMBIENTACIÓN E SOSTIBILIDADE

A organización porá a disposición dos postos aceptados unha estrutura física consistente en:

- Mesa/mostrador
- Expositor
- 2 Cadeiras

A maiores, a organización consultará cos postos seleccionados posibles necesidades específicas, co fin de, na medida do posible, atendelas para o correcto desenvolvemento da actividade.

Cada posto poderá levar outras infraestruturas (estantes, expositores...), sempre que non sexan de plástico e a organización o autorice.

A organización será a responsable de dotar ao espazo de actividade cultural, musical, gastronómica... a fin de atraer persoas asistentes e compradoras ao espazo efémero. Con anterioridade á celebración do espazo, os postos seleccionados coñecerán de mans da organización o programa de actividades que complementarán o Espazo Efémero.

Nos momentos nos que non se desenvolva unha actividade programada pola organización, o espazo contará con música de ambiente, que será dotada e responsabilidade da organización.

- Non se permite o uso de plásticos (bolsas, pratos e cubertos, etc).
- Deberá respectarse o horario de montaxe e desmontaxe do postos proposto pola organización nestas bases, así como para o acceso de vehículos ao espazo de ser o caso.
- Cada participante é responsable da limpeza e da seguridade interna do seu posto, mentres dure o Evento Efémero e unha vez rematado este. Neste senso, deberá responsabilizarse do lixo que xere diariamente e tratar o desperdicio xerado atendendo a criterios de sostiabilidade.
- Os postos deberán ter nun lugar visible o nome comercial ou identificativo da iniciativa a presentar. A organización habilitará este espazo e pedirá a información a publicar días previos á celebración do espazo poder producir estes materiais.
- A organización asignará un espazo en concreto para cada posto seleccionado, debendo respectar a asignación do postos e facilitando cando sexa necesario as labores de limpeza, seguridade, etc.
- Non está permitida a presenza de animais nos postos.
- No caso de vender produtos, non variará o listado de prezos mentres dure o Evento Efémero, velando por prezos acordes ao mercado.
- O cartel do listado de produtos e prezos, no caso de venda, debe facer referencia á existencia de follas de reclamación a disposición do público.

- Deberase indicar se será necesario o acceso a punto de luz, debido á actividade a realizar. O acceso a dito punto de luz deberá ser acorde a un uso racional, non permitíndose conectar elementos que podan provocar cortes no subministro eléctrico; as persoas titulares do posto son responsables dos danos e avarías que podan causar.
- As persoas seleccionadas para un posto no Espazo Efémoro deberán respectar o horario establecido e asistir diariamente durante os días de celebración do mesmo. Non se permiten postos pechados durante o horario diario do evento.
- As persoas seleccionadas deberán achegar un depósito en concepto de garantía (100,00€), que transcorrido o evento, serán retornados á persoa seleccionada para o posto, sempre e cando acatara as normas de uso e compromisos asumidos para ter sido seleccionado para formar parte do espazo efémoro.

## 5. REGLAS DE HIXIENE E SEGURIDADE

- Os postos deberán estar limpos e en boas condicións.
- O persoal debe extremar as medidas de hixiene.
- Todos os artigos, aparatos e equipamentos deben ser mantidos limpos e en bo estado de conservación.
- A limpeza dos espazos comúns e os aseos correrá a cargo da organización.
- As medidas de seguridade correrán a cargo da organización (incendios).
- Os espazos e as actividades contarán con seguros de responsabilidade civil a nome da entidade organizadora.

## 6. MONTAXE E DESMONTAXE

Horarios de montaxe e desmontaxe:

A montaxe poderá ser realizada o día 1 de abril en horario de 17:00 a 20:00 horas e o propio día 2 en horario de 09:00 horas a 11:00 horas.

A desmontaxe será realizada ao pechar o Espazo Efémoro o día 4 de abril (entre as 21:00 e as 22:30 horas) e o día 5 de abril en horario de 10:00 horas a 14:00 horas.

Se ás 11:00 horas do día 2 de abril o posto non está montado, a organización reservarase o uso do espazo adxudicado, e non será retornada a garantía depositada.

A organización resérvase o dereito de facer calquera modificación no Espazo Efémoro, así como a anulación deste por cuestións de seguridade ou de forza maior.